

PRINCIPAIS RETOS DE GALICIA CARA A 2030

MATRIZ DAFO

FAMILIA E BENESTAR

GRUPO 1: DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA

MESA: Familia e benestar

RETOS E NECESIDADES DE GALICIA CARA A 2030

- 1 Facer fronte ao problema demográfico de Galicia e atender as necesidades das familias, co obxectivo de acadar a súa protección integral na orde xurídica, económica e social.**
 - 1.1 Impulsar a conciliación da vida familiar e laboral, fomentando a harmonización das responsabilidades familiares e laborais entre homes e mulleres e favorecendo o acceso aos servizos de coidado e atención de menores e persoas dependentes.
 - 1.2 Establecer mecanismos xurídicos e financeiros estables que permitan unha estrutura permanente dos servizos esenciais de atención e apoio ás familias, en materia de políticas de familia, vivenda, transporte, educación, etcétera, con especial consideración das familias numerosas.
 - 1.3 Poñer en valor económico e social o traballo reprodutivo, doméstico ou familiar e de coidado das persoas.
 - 1.4 Valorizar as familias como elemento estratéxico desde unha perspectiva produtiva e reprodutiva.
 - 1.5 Conseguir que a demografía e o envellecemento sexan unha oportunidade de emprego e de creación de novos retos, en lugar dun problema.
 - 1.6 Apostar por unha sociedade amigable coas familias e a crianza dos fillos e fillas, facilitando o acceso a medidas que favorezan a conciliación, como o acceso ás escolas infantís. Ampliar a idade das mulleres para acceder aos programas públicos de fertilidade.
 - 1.7 Aumentar/mellorar as prestacións por fillo/a.
 - 1.8 Poñer en valor novos conceptos de familia, en conxunción co concepto de familia “galega”, familia extensa.
 - 1.9 Fomentar o acollemento e a adopción.
- 2 Diseñar un modelo sustentable de Estado de Benestar**
 - 2.1 Definir un modelo sustentable de protección social no ámbito do benestar que sexa capaz de responder a ás necesidades da cidadanía, abordándoas dun xeito interconectado.
 - 2.2 Establecer a prevención como obxectivo transversal nos sistemas de emprego, sanidade, vivenda e educación, principalmente, para prever a perpetuación de situacións desfavorables con alto risco de terminar nos servizos sociais nun estado da situación máis agravada e con maior complexidade de intervención.
 - 2.3 Avanzar desde a coordinación socio-sanitaria cara a integración de servizos comúns sociais e sanitarios.
 - 2.4 Definir unha renda universal básica

- 2.5 Achegar a Galicia no ano 2027 ao cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable da Axenda 2030 de Nacións Unidas.
- 2.6 Reducir a pobreza á metade: empregos de calidade, salarios xustos, prestacións ás familias...
- 2.7 Apoiar e acoller ás persoas recentemente chegadas a Galicia facilitándolles a aprendizaxe do idioma/s e o coñecemento da sociedade de acollida, así como promovendo a súa participación en todos os ámbitos: social, laboral, político...
- 2.8 Avanzar cara a unha diminución da desigualdade.

3 Definir un modelo de sociedade baseado nas persoas (non en parcelas de atención a persoas) e dende ese punto de vista realizar un tratamento integral da poboación con maiores problemas.

- 3.1 Garantir a accesibilidade universal e fomentar a eliminación de calquera tipo de barreira que impida a participación das persoas con discapacidade en termos de igualdade.
- 3.2 Prestar atención á fenda dixital, tanto no que supón o acceso á tecnoloxía como ás oportunidades de aprendizaxe, sobre todo entre os colectivos máis vulnerables.
- 3.3 Aumentar a integración socio-laboral das persoas pertencentes a colectivos máis vulnerables, a través de actuacións que fomenten a igualdade de xénero e a conciliación da vida persoal e laboral, evitando á súa vez a discriminación múltiple
- 3.4 Avanzar cara un modelo social baseado na infancia e as persoas maiores, con aproveitamento das relacións interxeracionais como vía importante para acadar a inclusión e a igualdade.
- 3.5 Definir modelos de atención transversais e integrais, o que supón mudar o actual modelo de Servizos sociais.
- 3.6 Normalizar a imaxe das persoas con discapacidade e outorgarlles maior visibilidade nos medios de comunicación.
- 3.7 Apostar pola atención social á dependencia e a discapacidade na súa contorna vital e social, reforzando a provisión de recursos de proximidade.
- 3.8 Elaborar unha carta de dereitos das persoas que sexa coñecida e suficientemente divulgada entre a cidadanía galega.
- 3.9 Maior celeridade na resolución das solicitudes de dependencia ou o aumento das residencias de maiores que separen as persoas con autonomía das que se atopan en situación de dependencia.

4 Dinamización da vida no rural, novos modelos produtivos, mellorar a calidade de vida e a empregabilidade, integración completa do territorio respecto a servizos primarios.

- 4.1 Dinamizar o rural, promover a actividade económica a través do impulso de novos modelos produtivos e a empregabilidade, impulsar a economía social, así como achegar servizos asistenciais e ferramentas tecnolóxicas, para evitar o despoboamento e atraer nova poboación.
- 4.2 Impulsar proxectos de agricultura social, polo seu grande potencial inclusivo e de desenvolvemento económico sustentable.

- 4.3 Empoderar á comunidade local, nomeadamente á xente nova, para emprender novos negocios, con servizos de asesoramento e apoio que se prolonguen ata a súa consolidación e, en xeral, conectar á xente nova recentemente graduada ou titulada cos desafíos e oportunidades existentes no rural.
- 4.4 Procurar unha planificación completa e integradora dos servizos básicos para que non se circunscriban principalmente ao ámbito urbano.
- 4.5 Favorecer a inmigración e a acollida da poboación recentemente chegada ás áreas rurais con políticas integrais de benvida e acollida a novos/as residentes.
- 4.6 Lograr que o reforzo do rural sexa necesariamente compatible co empoderamento da muller nestas zonas, acadando unha mellora na conciliación, fomentando o emprego, a natalidade e o envellecemento activo...

5 Promover unha cultura e sensibilidade social a favor dos dereitos e deberes da infancia e a adolescencia, así como a súa participación activa na sociedade.

- 5.1 Desenvolver unha intervención integral, que teña en conta as diferenzas individuais, de xénero e os contextos sociofamiliares, dirixida a nenas, nenos e adolescentes que se atopen en situacións de gran vulnerabilidade.
- 5.2 Reforzar a calidade dos recursos dirixidos á infancia e á adolescencia a través da investigación e do coñecemento, da formación, da capacitación e da cooperación para lograr maiores cotas de benestar, considerando o enfoque de xénero e criterios de eficacia e eficiencia.
- 5.3 Procurar o benestar físico, psíquico, emocional e social da poboación infantil, adolescente e xuvenil, a través da promoción de estilos de vida saudables e de ámbitos familiares, medioambientais e sociais axeitados, así como mediante a detección e a prevención de factores de risco que comprometan o seu desenvolvemento integral.
- 5.4 Mellorar a empregabilidade da mocidade galega a través da adquisición dunha serie de competencias, destrezas e capacidades complementarias á educación formal ou regrada, reforzando os programas de educación non formal.
- 5.5 Dispoñer dunha lei integral para a infancia e a adolescencia.
- 5.6 Aumentar o nivel de investimento en políticas da infancia, de cara a achegarse ao 2,4% da media da Unión Europea.

6 Visibilizar e apoiar o papel das persoas maiores como motor de cambio e a súa contribución ao benestar familiar e promover o seu empoderamento.

- 6.1 Fomentar programas formativos dirixidos ás persoas de máis de 50 anos que viven en núcleos de poboación de menos de 5.000 habitantes, co fin de dar acceso en igualdade de condicións ao coñecemento vinculado ao ensino universitario.
- 6.2 Promover a valoración social da vellez como etapa ou etapas de vida e a promoción das persoas maiores. Divulgar os avances en coñecemento, innovación e procesos produtivos no campo do envellecemento activo e saudable. Visualizar a potencialidade do

envellecemento activo e saudable na xeración de actividade económica. Promover o voluntariado como ferramenta para valorizar a experiencia e para favorecer o envellecemento activo.

6.3 Actuar de xeito preventivo para contribuír a aumentar a esperanza de vida libre de dependencia e garantir os dereitos das persoas maiores, a non discriminación e a igualdade de oportunidades, promovendo medidas coa perspectiva de xénero.

6.4 Incorporar aos retos relacionados coas persoas maiores e as persoas con discapacidade o concepto de promoción da autonomía.

6.5 Considerar a evolución da sociedade cara ás familias unipersoais e formadas por maiores, ambas cun problema de soidade, de cara a facer unha rede comunitaria que evite ese illamento.

7 Incorporar o enfoque de xénero e o enfoque territorial.

DEBILIDADES	AMEAZAS	FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
<p>D.1. Prolongación da etapa de xuventude. Retraso na emancipación residencial e na autonomía persoal, e retraso do calendario nupcial e fecundo, por dificultades de acceso ao mercado laboral e á vivenda en condicións dignas</p>	<p>A.1 Acercamento á situación demográfica con ideas do pasado e escasa atención á significación das variacións na estrutura de idades. Identificación do cambio demográfico co envellecemento poboacional. Consideración illada do descenso da mortalidade e da fecundidade, sen atender ás relacións entre os cambios nos roles de xénero, as transformacións das familias e a fecundidade.</p>	<p>F.1 “Democratización da supervivencia”. Máis da metade das persoas nadas chega a cumprir os 65 anos de idade. Crecente esperanza de vida. Niveis moi baixos de mortalidade infantil. Cada vez é maior o número de persoas que superan os 85 anos.</p>	<p>O.1 Preocupación demográfica está na axenda política e na conciencia social. A abordaxe do reto demográfico está a lograr un marco de consenso</p>
<p>D.2 Reducida taxa de fecundidade</p>	<p>A.2 Consideración da conciliación como un tema que afecta só ás mulleres</p>	<p>F.2 Relativa estabilidade da poboación global en termos absolutos ata tempos ben recentes pese ao crecemento vexetativo negativo. Resiliencia das cabeceiras comarcais, mesmo en Lugo e Ourense</p>	<p>O.2. Interese crecente en torno aos temas que abordan a relación entre a poboación e a sostibilidade. Atención por parte das administracións públicas e das universidades polo tema da “economía circular”</p>
<p>D.3. Excesiva responsabilidade familiar na atención e coidado de menores e dependentes. O 72,7% das persoas que coidan dependentes pertencen ao propio fogar. Persistencia dos roles de xénero tradicionais no coidado (protagonismo das mulleres entre 45 e 64 anos, máis pronunciado aínda no medio rural). Escasa consideración do traballo reprodutivo (traballo doméstico e de coidados) realizado nos fogares</p>	<p>A.3 Excesiva dependencia de servizos esenciais de atención ás familias de fontes de financiamento non estables, o que dificulta o desenvolvemento de actuacións integrais</p>	<p>F.3 A familia, en tanto que institución, mantén unha gran vitalidade e variedade de formas á vez que permanece como ámbito de seguridade, apoio e axuda para os seus membros, e que se mostra capaz de incorporar traxectorias vitais máis complexas</p>	<p>O.3 A conciliación, a coresponsabilidade e a necesidade de racionalización de horarios están na axenda pública. As políticas de igualdade demostran ser efectivas a nivel socioeconómico e demográfico</p>

DEBILIDADES	AMEAZAS	FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
<p>D.4 Existencia de poboación en risco de pobreza e exclusión social, especialmente preocupante en fogares con menores a cargo. Existencia dun alto número de fogares cuxo único ingreso é unha prestación.</p>	<p>A.4 Desaxustes entre todas as partes interesadas no deseño de políticas demográficas e na coordinación inter e intra administrativa.</p>	<p>F.4 As redes familiares funcionan aínda que non se resida no mesmo fogar. Pais e nais e avoas e avós dan unha axeitada continuidade á familia, prestándolle o seu apoio. A mocidade valora cada vez máis a convivencia interxeracional.</p>	<p>O.4 O recoñecemento público e político do traballo non remunerado das mulleres. Os novos modelos de masculinidade en relación coa toma de decisións, a organización familiar e as tarefas de coidado.</p>
<p>D.5 Taxa de risco de pobreza ou exclusión social por enriba da media entre a poboación de menos de 16 anos e na poboación de 16 a 24 anos.</p>	<p>A.5 Reto da integración social e económica dos fluxos migratorios</p>	<p>F.5 Cada vez máis os valores de corresponsabilidade son asumidos por mulleres e homes, especialmente pola xuventude</p>	<p>O.5 Potencialidade do envellecemento activo e saudable na súa relación coa creación de emprego a partir da análise do envellecemento desde a perspectiva da innovación, na atención e os coidados ata a economía prateada ou “silver economy”</p>
<p>D.6 As familias monoparentais presentan unha taxa de risco ou exclusión social moi superior a outro tipo de fogares. Elevada taxa de risco de pobreza na poboación estranxeira residente en Galicia.</p>	<p>A.6 A pesar do descenso nos últimos anos da taxa de carencia material severa da poboación, un 20% da poboación está nesta situación.</p>	<p>F.6 As actuais xeracións de persoas maiores de 65 anos están a revolucionar o perfil sociolóxico tradicional da vellez e a achegar benestar á rede familiar e social</p>	<p>O.6 Desenvolvemento de novos sectores produtivos vinculados á explotación de recursos endóxenos. Identificación de “Experiencias Produtivas Innovadoras” no medio rural</p>
<p>D.7 A poboación en risco de pobreza sitúase principalmente nas grandes cidades e nas áreas próximas ás mesmas</p>	<p>A.7 Concentración espacial da pobreza, especialmente en zonas urbanas desfavorecidas.</p>	<p>F.7 Baixa incidencia da infecundidade. A análise dos fogares segundo a súa tipoloxía pon en evidencia que os fogares de parellas con fillos e/ou fillas e os monoparentais son clara maioría. Desexo manifesto de chegar a ter un segundo fillo ou filla</p>	<p>O.7 Atención crecente ao desenvolvemento da innovación e da tecnoloxía en todos os campos. Existencia de programas europeos específicos para a transición dixital</p>
<p>D.8 Saída dun importante número de novos/as galegos/as a outras CCAA do Estado ou o estranxeiro, para buscar traballo</p>	<p>A.8 Non retorno de novos/as galegos/as por falla de oportunidades en Galicia, aumentando a nosa crise demográfica</p>	<p>F.8 Gran parte dos novos/as que emigran teñen unha gran preparación profesional</p>	<p>O.8 Facilitar e incentivar a creación de empresas -locais e foráneas- en Galicia, para que sexa un lugar atraente para investir.</p>

DEBILIDADES	AMEAZAS	FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
D.9 Progresivo envellecemento da poboación, o índice de dependencia senil creceu 10 puntos dende o ano 2000.	A.9 Insuficiente valoración dos beneficios da inmigración e do retorno	F.9 A existencia de sistemas públicos de educación, de sanidade, de atención á dependencia e de prestacións sociais para os grupos máis desfavorecidos..	O.9 Galicia está a participar activamente en foros que permiten trasladar as necesidades vinculadas a súa peculiaridade demográfica a nivel español e da UE.
D.10 A pesar da mellora dos últimos anos, os indicadores de desigualdade continúan en valores superiores aos acadados antes da crise.	A.10 Infradotación de servizos públicos de proximidade no rural (educación, sanidade, transporte e servizos sociais)	F.10 A poboación en risco de exclusión social reduciuse no conxunto do territorio galego.	O.10 Desenvolvemento de sectores relacionados coa atención a persoas en situación de dependencia
D.11 Máis do 50% da poboación maior de 65 anos vive en fogares onde todos os seus membros son maiores de 65 anos. Máis da metade destes fogares son unipersoais	A.11 Transmisión xeracional da pobreza.	F.11 Taxa de risco de pobreza (respecto de limiar de pobreza) inferior á media nacional. Menor risco de pobreza no grupo de maiores de 65 anos	O.11 Emerxencia de novas iniciativas relacionadas coa economía social e de empresas sociais innovadoras
D.12 Vixencia dun modelo territorial que potencia a polarización da poboación en Galicia. Modelo territorial que alimentou as grandes migracións internas e externas e á mobilidade no interior da propia Galicia		F.12 Os indicadores de desigualdade galegos rexistran niveis inferiores á media nacional e europea.	O.12 Rexeneración de contornas urbanas e rurais física e socialmente degradados
D.13 Insuficiente diversificación económica no medio rural. Desagrarización non compensada polo complexo agroindustrial e a débil estrutura de servizos (agravada polo elevado número de entidades de poboación) que eleva o éxodo rural por falta de expectativas (renda primaria per cápita do 71% da galega) e menos oportunidades para alcanzar un emprego ben remunerado e de perfil cualificado		F.13 Prioridade ao gasto social.	O.13 Crecemento das oportunidades para as iniciativas de emprendimento e autoemprego

DEBILIDADES	AMEAZAS	FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
<p>D.14 Insuficiente desenvolvemento das capacidades para adaptarse aos cambios derivados dos avances tecnolóxicos, da sociedade da información e da administración electrónica.</p>		<p>F.14 Amplo potencial da economía social para a creación de emprego de calidade, a satisfacción de necesidades comúns, a estruturación económica e social</p>	<p>O.14 Mellora do acceso a servizos das persoas en situación de risco de exclusión a través de inversións sociais, poñendo especial énfase na accesibilidade universal de bens e servizos.</p>
		<p>F.15 Niveis elevados de cualificación nos perfís da poboación activa. Baixa taxa de abandono escolar temperán. Alta taxa de finalización de estudos na idade obrigatoria. Elevada taxa de mozos e mozas con nivel alto de competencia dixitais</p>	
		<p>F.16 Gran potencial de man de obra feminina.</p>	